

Dous xoves creadores, Miro Villar e Eduardo Estévez, presentan as súas derradeiras creacións poéticas

SANTIAGO.S.C.

“A vida é unha ferida absurda” describe un fragmento da obra *Só páxaros saíron desta boca* do autor de orixe arxentino Eduardo Estévez (Buenos Aires, Arxentina, 1969) que resume en boa medida os contidos profundamente humanos que transmite a súa lírica. O poeta é un Deus, según Vicente Huidobro, pero algúns, apostilla Estévez, acabaron por crelo, de aí que a súa obra transcorra por vieiros máis terrenais, máis próximos á existencia do ser humano, divagando constantemente entre a palabra e o silencio, e porque non, tamén entre a nostalgia de quen se sente un poeta sen patria.

Miro Villar (Cee, A Coruña, 1965), pola outra banda, rinde co seu poemario *Equinoccio de primavera*, un tributo cheo de detalles, de contrastes, de transparencias incluso, á primavera. Versos nos que existe unha referencia continua ó verbo amar. ¿Como se ama? ¿Como se vive? Eternos interrogantes que o autor transforma en belísimas metáforas como a que alude ós días que saben a pouco cando se trata de amar, de vivir intensamente.

Á presentación dos libros, acontecida na noite do pasado martes no bar Rúa Nova de Santiago, precediulle un recital durante o que os autores aproveitaron para facer gala dunha fina ironía respecto á súa persoal concepción do que é e significa ser poeta en Galicia, ou en calquera rincón do mundo, “ser alguén raro, minoritario e consciente de que escribes para un máximo de quinientas persoas” coincidiron en afirmar os dous creadores. En todo caso hai unha cousa que resulta certa: os libros, calquera que sexa o seu xénero, a súa tipoloxía, para adquirir a categoría de tales, precisan ser lidos.